

Luis Seoane



Vida



- **Luís Seoane López**, nado en Buenos Aires o 1 de xuño de 1910 e finado na Coruña o 5 de abril de 1979, foi un editor, escritor, xornalista, ilustrador, gravador, ceramista e pintor galego. Con Isaac Díaz Pardo recuperou a antiga fábrica de Sargadelos, fundou o Laboratorio de Formas e o MuseoGalego de Arte Contemporánea Carlos Maside. Durante o exilio apoiou a escritores e artistas galegos e promoveu diversas iniciativas editoriais. A Real Academia Galega dedicoulle o Día das Letras Galegas do ano 1994 e a Real Academia Galega de Belas Artes o Día das Artes Galegas do ano 2019.

Traxectoria 1



- De 1931 a 1936 exerceu de avogado laboralista na Coruña e foi membro do Partido Galeguista, así como da Masonería. Durante esta época participou na campaña en prol do Estatuto de Autonomía. Tras o Golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 mantívose agochado durante uns meses ata que en setembro de 1936 puido exiliarse a Buenos Aires vía Lisboa. Alí fixou a súa residencia e traballou no consulado republicano.
- Casou por poderes coa súa prima, a coruñesa María Elvira Fernández López (1912-2003), dende aquela máis coñecida como Maruxa Seoane. Casaron de novo, por exixencia das autoridades arxentinas, no Porto de Buenos Aires á chegada dela alí.[[]Non tiveron descendencia.

Traxectoria 2



- En 1937 publicou o seu primeiro libro, *Trece estampas de la traición*.
- Pintando o mural *Músicos y Labradores* en Buenos Aires en 1956.
- Foi o promotor de moitas empresas culturais, da emigración e do interior (revistas como *Galicia Libre*, *Galicia Emigrante* ou *Cuco-Rei*, a imprenta *Resol* en Santiago de Compostela xunto a Arturo Cuadrado; editoriais como Editorial Citania, Editorial Botella al Mar e outras; o Laboratorio de Formas de Galicia, xunto a Isaac Díaz Pardo, do que nacerá o complexo de Sargadelos.

Libros ilustrados por el



- Ilustrou centos de libros, editados en Galicia e maioritariamente na Arxentina. Por exemplo:¹
- Seoane e Díaz Pardo cos Núñez Búa, Sofovich e Scheimberg en 1962 en Magdalena, o centro cerámico onde ambos os dous idearon o Laboratorio de Formas.
- *Mar ao norde*, de Álvaro Cunqueiro. Nós, Santiago de Compostela, 1932.
- *Huellas*, de Feliciano Rolán. Nós, Santiago de Compostela, 1932.
- *Poemas do si e non*, de Álvaro Cunqueiro. Ediciós Ún, Lugo, 1933.
- *Corazón ao vento*, de Aquilino Iglesia Alvariño. Ediciós Ún, Lugo, 1933.
- *Cantiga nova que se chama Riveira*, de Cunqueiro. Resol, Santiago de Compostela, 1933.
- *Torres de amor*, de Lorenzo Varela. Editorial Nova, Buenos Aires, 1942.
- *Historias e invenciones de Félix Muriel*, de Rafael Dieste. Nova, Buenos Aires, 1943.
- *Lonxe*, de Lorenzo Varela. Botella al Mar, Buenos Aires, 1954.
- *Cartas a Lelo*, de Xosé Neira Vilas. Ediciós do Castro, 1971.
- *Farsas para títeres*, de Eduardo Blanco Amor, Ediciós do Castro, 1973.



FIN